



Estimadas familias:

Comunícolles que a semana do 30 de xaneiro comezará con cinco casos confirmados da COVID-19 e que NON acudirán ao centro educativo. Ata o momento, desde o 10 de xaneiro, rexistráronse outros quince casos que xa se foron incorporando ás aulas.

O SARS- CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao tusir ou esberrar. Os síntomas poden aparecer ata os 10 días despois de estar en contacto cun caso. A infección pode cursar de forma asintomática ou con síntomas como febre, tose ou sensación de falta de aire, alteración do gusto ou do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, tras a detección de casos COVID nos centros educativos, acostuma a realizarse un estudo de contactos que permite identificar aquelas persoas que poderían ter un maior risco de contaxio.

Se o/a seu/súa fillo/a é considerado contacto estreito, a Central de Seguimento de Contactos facilitaralle a información sobre as medidas específicas que debe seguir seu fillo ou súa filla. Dependendo da súa situación, estas medidas poden ser:

- Medidas de corentena domiciliaria: no caso de que o contacto estreito non estea completamente vacunado e non pasara a COVID-19 nos últimos 6 meses ou estea inmunodeprimido (independentemente do seu estado vacinal). Debe saber que un contacto en corentena no pode saír do domicilio.

- Medidas de vixilancia sen corentena: no caso de o contacto estreito estea completamente vacunado ou pasara a COVID-19 nos últimos 6 meses. Os contactos en vixilancia poden acudir ao centro educativo e saír do domicilio para as actividades esenciais, pero sempre usando a máscara, extremando as medidas de prevención e control e evitando o contacto con persoas vulnerables.

- Debe saber que, como EXCEPCIÓN, estarán exentos de corentena ou vixilancia os contactos estreitos que pasaran a COVID- 19 no últimos 3 meses. Pode atopar información sobre

as medidas de corentena e vixilancia na web do coronavirus (<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Informacion-contactos>).

Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio en illamento e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co 881 54 00 45.

O resto da comunidade educativa non considerada contacto estreito, pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa COVID-19. Se algunha persoa NON considerada contacto ten condicións de especial vulnerabilidade para a COVID19, pode acudir ao centro sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.

Reciban un cordial saúdo,

Serafín Álvarez Rodríguez

Director do IES de Mugar dos